

## B A S E S

### PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE CATRO POSTOS AUXILIAR DE POLICÍA LOCAL

#### **Primeira.-**

##### **Obxecto da Convocatoria:**

É obxecto da presente convocatoria a contratación laboral temporal, por acumulación de tarefas, debido a proximidade da época estival o que conleva un considerable aumento da poboación no municipio, de catro postos de traballo de auxiliar de policía local polo período de tempo de seis meses mediante o sistema de oposición.

As retribucións mensuais por tódolos conceptos serán polo importe bruto de 1.274,75.-€/mes, mais dúas pagas extras anuais, unha en xuño e outra en decembro polo importe de 1.269,29.-€ cada unha delas.

#### **Segunda.-**

##### **Modalidade de contratación e duración do contrato:**

A contratación é para reforza-los servizos de policía local, cun contrato temporal por acumulación de tarefas.

A duración do contrato, será de seis meses.

Os contratos serán por xornada semanal a tempo completo, que se prestarán en horario que se distribuirá segundo as necesidades e organización do servizo, en quendas de mañá, tarde ou noite, durante tódolos días da semana, segundo a organización dos servizos, cos descansos semanais que lles correspondan.

#### **Terceira.-**

##### **Condicións dos aspirantes:**

1º.- Para ser admitidos ao proceso selectivo os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- 1.- Ter cumpridos 18 anos de idade e non ter cumpridos ós 58 anos de idade.
- 2.- Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea, nos termos previstos no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público. Así mesmo, poderán participar, en igualdade de condicións que os españois, os estranxeiros con residencia legal en España
- 3.- Estar en posesión de ter superada a educación secundaria obrigatoria, título de graduado escolar ou equivalente.
- 4.- Non padecer enfermidade ou defecto psíquico ou físico que impida ou dificulte os labores propios do servizo.
- 5.- Non ter sido separado, mediante procedemento disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio da función pública por sentenza firme, nin estar incurso en causas de incompatibilidade do persoal ó servizo das administracións públicas.
- 6.- Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.
- 7.- Ter unha altura mínima de 1,65 m os homes e 1,60 m as mulleres.
- 8.- Acredita-la aptitude física, mediante a presentación xunto coa instancia dun certificado médico oficial que acredite que o aspirante reúne as condicións físicas necesarias para realiza-las

probas físicas a que se refire a presente convocatoria, o que non excluíra as comprobacións posteriores do que se reflicte no certificado médico.

2º- Os presentes requisitos entenderanse referidos á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias.

3º.- Será nulo o nomeamento como traballador laboral temporal de quen esté incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

#### **Cuarta.-**

##### **Presentación de solicitudes:**

1º.- As persoas que desexen tomar parte na presente contratación, deberán presentar as súas solicitudes, segundo modelo oficial ANEXO II, nas Oficinas Municipais no prazo de **CINCO (5) DÍAS NATURAIS**, contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio nun dos diarios de maior tirada de Galicia e no Taboleiro de anuncios do Concello, acompañando á instancia os seguintes documentos:

A.- Copia do documento nacional de identidade.

B.- Copia das titulacións esixidas.

C.- Certificado médico oficial referido na base 3ª da convocatoria.

D.- De se-lo caso, copia do título do CELGA 3 ou equivalente.

Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; neste caso, os aspirantes deberán comunicalo mediante telegrama ou telefax dentro do prazo que o de presentación de instancias (número de fax do Concello: 981 43 33 68).

Se, conforme a este precepto se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

2º.- As persoas que resulten seleccionadas, farán declaración de que cumpren os requisitos mínimos que recolle a base terceira, incorrendo no delicto correspondente por falsidade de non ser veraz o asinado por aquelas.

3º.- Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria

#### **Quinta.-**

##### **Admisión de candidatos:**

1º.- A lista provisional de admitidos e excluídos expoñerase no Taboleiro de Anuncios do Concello, o **terceiro día hábil** seguinte a aquel no que remate o prazo de presentación de instancias, concedéndose un prazo de **dous días naturais** para a presentación de reclamacións.

2º.- Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a ser incluídos na relación de admitidos, será definitivamente excluídos da realización das probas.

3º.- Contra a resolución a que se refire o presente artigo, así como aquelas outras que resolvan a subsanación de defectos ou omisión de inclusión poderán optar, por interpoñer os recursos rpevistas na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Non obstante tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente en defensa dos seus intereses.

4º.- Rematado o prazo para a presentación de reclamacións, publicarase a lista definitiva de admitidos, sinalando o lugar, día e hora de comenzo dos exercicios, así como os membros do tribunal, no taboleiro de anuncios do Concello.

5º.- Os aspirantes serán convocados provistos do seu DNI para realizalos exercicios en chamamento único. A non presentación dun aspirante ás probas fixadas nas Bases no momento de ser chamados determinará automaticamente a perda do seu dereito a participar, e quedará excluído do proceso selectivo.

#### **Sexta.-**

##### **Tribunal Cualificador:**

1º.- O Tribunal cualificador está composto do seguinte xeito:

Presidente: Un Técnico do Concello, funcionario ou persoal fixo.

Secretario: Un/ha funcionario/a do concello (con voz pero sen voto).

Vogais: Catro técnicos, funcionarios ou persoal laboral fixo.

2º.- Nos membros do tribunal concorrerán idénticas circunstancias de abstención e recusación cas reguladas polos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro e disposicións concordantes.

3º.- O tribunal cualificador ten a facultade de resolver cantas dúbidas xurdan e tomar acordos correspondentes á consecución de criterios de puntuación obxectivos.

4º.- O Tribunal cualificador poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinente, e estos limitaranse unicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

5º.- O Alcalde, vista a proposta do tribunal, que terá carácter vinculante, procederá á adopción do decreto correspondente e resolverá sobre as contratacións.

6º.- De tódalas reunións que faga o tribunal levantarase acta suscrita polo secretario do mesmo.

#### **Sétima.-**

##### **Fases de selección de aspirantes:**

O sistema de selección constará de dúas fases:

##### **1.- Fase de probas físicas:**

Ao comenzo realizarase o control da estatura dos/as aspirantes. Os mínimos son os que rexen para o ingreso nos corpos de policía local: 1,65 metros para homes e 1,60 metros para as mulleres.

As probas físicas cualificaranse de apto/ou non apto. Para obter a cualificación de apto os aspirantes deberán acadar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba.

A-1, potencia tren inferior, salto vertical.

Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

O aspirante colocarse en posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os calcañares do chan, e marcará coas dedas a altura que alcanza nesa posición. O exercicio execútase, separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente coas dedas o nivel alcanzado.

Para a correcta realización da proba deberanse observar as seguintes regras:

-Poderanse mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.

-Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.

-Permitíranse dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo o primeiro.

A distancia entre a marca feita desde a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo ou grupo de idade:

	18-36 anos	37-48 anos	49 anos ou mais.
Homes	41 cm	33 cm	29 cm
Mulleres	32 cm	28 cm	25 cm

B-1. Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo.

Os aspirantes colocarse na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase en pé.

Só se permite un intento.

O/a aspirante que abandone a carreira quedará excluído.

A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros en tempo máximo (en minutos e segundos) que serecolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade:

	18-36 anos.	37-45 anos	46 anos ou mais.
Homes	4'30''	5'00''	5'15''
Mulleres	5'00''	5'30''	5'45''

## 2.-Proba de coñecementos.

A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario que se inclue no anexo.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

A proba calificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula  $N=(A-F/3)/5$ .

Sendo  $N$ = nota final da proba,  $A$ =preguntas acertadas;  $F$ =preguntas erradas ou non respostadas..

## 3.- Proba específica sobre coñecemento do termo municipal e da toponimia local.

O órgano de selección someterá aos/ás aspirantes a unha proba para determinar o seu nivel de coñecemento sobre as características propias do concello e a toponimia local. Cualificarase de cero a tres puntos, sendo necesario acadar como mínimo unha puntuación de un con cinco puntos para superala.

## 4.- Coñecemento da lingua galega, de carácter obrigatorio e eliminatorio

Consistirá na tradución, sen diccionario, de dous textos propostos previamente polo tribunal, un de castelán ao galego e outro de galego ao castelán, nun tempo máximo de media hora. Este exercicio valorarase con apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

Estarán exentos de realizar este exercicio os aspirantes que acrediten posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes o celga 3, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo de 2007.

## Oitava.- Proposta de aprobados/as:

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o tribunal publicará no citado taboleiro de anuncios a relación dos aspirantes aprobados por orde decrecente da puntuación total final (que estará determinada pola suma dos puntos obtidos na proba de coñecemento do temario e do termo municipal e toponimia local), con especificación da mesma, e elevará a correspondente proposta de nomeamento a favor dos aspirantes que obtiveran as puntuacións máis altas e en función do número de prazas convocadas (o tribunal cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ó das prazas convocadas).

No suposto de que algún aspirante proposto para a contratación non chegara a formaliza-lo contrato de traballo, ben por renuncia voluntaria ou por non cumpri-los requisitos esixidos nestas bases, o tribunal formulará proposta a favor do seguinte aspirante aprobado, ou, sucesivamente, do que figure a continuación, ata cubri-la praza, por rigorosa orde de puntuación total final.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, estas resolveranse pola puntuación obtida no primeiro exercicio e, se iso non fose suficiente, pola puntuación obtida no seguinte exercicio ata que se resolva o mesmo.

No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningún aspirante a proba ou por non presentarse ningún a esta, o Sr. alcalde queda autorizado a convocalo novamente tantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

#### **Novena.-** Presentación de documentación

Cada un dos aspirantes propostos presentarán na Secretaría Xeral do Concello, no prazo de dous días naturais (contados a partir da publicación do resultado da selección), os documentos que acrediten que cumpre todos e cada un dos requisitos esixidos na base 3.<sup>a</sup> desta convocatoria, no caso de que non foran xa presentados xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo, é dicir:

a) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza xudicial firme.

b) Declaración xurada de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.

c) De ser o caso, certificado de asistencia ao curso específico de formación teórico-práctico convocado pola Academia Galega de Seguridade Pública, de acordo co previsto no artigo 48.º do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de coordinación de policía locais.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, algún aspirante proposto non presentara a súa documentación ou non acreditara reuni-los requisitos esixidos, non se poderá proceder ó seu nomeamento para a contratación, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.

#### **Décima.-** Curso de Formación

Previamente ao nomeamento para a contratación, os aspirantes propostos para a contratación deberán participar nun curso específico de formación teórico-práctico convocado pola Academia Galega de Seguridade Pública. Aqueles/as que xa tivesen participado e obtivesen certificado de asistencia ao dito curso, estarán exentos/as desta obriga por un período de catro anos, de acordo co previsto no artigo 48.º do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de coordinación de policía locais.

Os gastos que se deriven pola asistencia ó referido curso serán a cargo dos aspirantes.

#### **Undécima.-** Nomeamento e Formalización do contrato

O órgano competente da Corporación fará o nomeamento a favor dos opositores propostos polo tribunal cualificador que superasen o curso de formación citado na base anterior, sendo nulo o nomeamento de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

A formalización dos contratos terá lugar dentro do prazo de dous días naturais, a contar desde a data de notificación do acordo de nomeamento.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

As persoas contratadas estarán obrigadas a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, quedando sometidas a un período de proba de quince días, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, e estará suxeita á lexislación laboral pertinente.

#### **Duodécima.-** Substitucións

Para o caso de que algunha das prazas contratadas ó abeiro desta convocatoria quedase definitivamente vacante por algunha circunstancia, así como para substitucións temporais con reserva de praza dentro deste servizo, o órgano competente desta Administración municipal poderá outorgar nomeamento de contratación a favor dos aspirantes que superaron tódalas fases deste proceso selectivo, de maneira consecutiva e por estrita orde correlativa de puntuación total final, do xeito en que figure na lista definitiva de aspirantes aprobados a que se fai referencia na base 8.<sup>a</sup>

#### **Décimo terceira.- Dereito supletorio**

No non previsto nestas Bases estarase ó disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril; Real Decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril; Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo; a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais; Decreto 204/2000, de 21 de xullo, Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de coordinación de policía locais; demáis lexislación laboral vixente que resulte de aplicación e, especialmente ao disposto no Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro e no Real Decreto Lei 8/1997, de 16 de maio, e demáis lexislación concordante en materia laboral.

#### **Décimo cuarta.- Réxime de recursos:**

A aprobación das Bases da convocatoria e os actos administrativos que se sucedan poderán ser obxecto de recurso polos interesados nos casos e do xeito establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

### **ANEXO I.**

Para a realización da proba de coñecementos a que se refire o apartado 2 da base 7.<sup>a</sup> terase en conta o temario recollido no anexo VII da Orde do 28 de xaneiro de 2009 xa citada, que é o seguinte:

1. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.

2. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.

3. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas á licenza. Tramitación.

4. Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.

5. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.

6. A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.

7. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices.

8. Delitos contra a seguranza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.

9. Lei de seguranza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estructura e conceptos xerais.

10. Normas xerais da circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza.

11. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia de seguro obrigatorio.

12. A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidade do auxiliar de policía.

**INSTANCIA SOLICITUDE**

**AO SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME**

D./Dna. \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ anos, con domicilio en \_\_\_\_\_, Rúa/ \_\_\_\_\_ nº \_\_\_\_\_, piso \_\_\_\_\_ C.P. \_\_\_\_\_, Teléfono \_\_\_\_\_ e D.N.I nº \_\_\_\_\_, ante VS. comparezco para manifestar:

Que desexo participar no proceso selectivo convocado para a selección de catro traballadores/as para a realización de traballos como auxiliar de Policía Local, segundo as bases aprobadas por Resolución do 30 de abril de 2014, e publicado o anuncio no xornal La Voz de Galicia de data 15 de maio de 2014

Que reúno todos os requisitos esixidos, referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude, nas Bases que acepto e declaro coñecer e que son certos os datos obrantes na presente instancia, comprometéndome a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude.

Adxunto achego coa presente instancia, segundo dispón a Base 4ª da Convocatoria:

- 1.- Fotocopia do D.N.I.
- 2.- Copias da titulación esixida.
- 3.-Certificado médico oficial referido na base 3ª da convocatoria.

Por todo o exposto, **SOLICITO:**

**SER ADMITIDO/A A PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE CATRO POSTOS DE AUXILIAR DE POLICIA LOCAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME.**

Pontedeume,